



SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Dixital-GALEGO

TEMA 5- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia

1. De conformidade co establecido no artigo 1.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, esta lei ten como obxecto regular:
 - a) O modelo de administración no sector público estatal, autonómico e local.
 - b) O modelo de administración no sector público autonómico.
 - c) O modelo de administración no sector privado e público autonómico.

2. De conformidade co establecido no artigo 2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a dita lei será de aplicación:
 - a) Á cidadanía nas súas relacións con calquera administración pública.
 - b) Á cidadanía nas súas relacións co sector público autonómico de Galicia.
 - c) Á cidadanía nas súas relacións co sector privado e público autonómico de Galicia.

3. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, non é un fin da dita lei:
 - a) A modernización do sector privado e público autonómico.
 - b) O fomento do uso das tecnoloxías da información.
 - c) O impulso do uso da identificación electrónica.

4. De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, non é un principio xeral de actuación:
 - a) Facer efectivo o principio de igualdade e non discriminación.
 - b) Asegurar a interoperabilidade dos servizos, sistemas e información cos de outras administracións públicas e o sector privado.
 - c) Facer efectiva a participación plena de toda a cidadanía evitando a fenda tecnolóxica.

5. De conformidade co establecido no artigo 5.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, o emprego de procedementos administrativos electrónicos ou dixitais:
 - a) Non implicará a eliminación, redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos .
 - b) Poderá implicar a eliminación, redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos.
 - c) Non implicará a eliminación pero si a redución ou condicionamento indebido dos dereitos recoñecidos ou atribuídos.

6. De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, en relación co acceso aos servizos públicos dixitais, sinale a resposta incorrecta:
 - a) A administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público de Galicia promoverán as medidas necesarias para que a cidadanía teña acceso á provisión dos medios de identificación e sinatura electrónicas.
 - b) Porán a dispor nos edificios privados e administrativos os medios de acceso para a utilización dos servizos públicos dixitais.
 - c) Facilitarán o uso das canles de acceso aos servizos públicos dixitais e establecerán canles de atención e axuda para o uso adecuado dos mesmos, así como preverán os mecanismos para a continuidade dos servizos públicos en caso de indispoñibilidades tecnolóxicas.





SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Dixital-GALEGO

7. De conformidade co establecido no artigo 9.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, sinalar a quen lle corresponde determinar as medidas necesarias para garantir o aceso da comunidade galega no exterior aos servizos públicos dixitais:

- a) Á Xunta de Galicia.
- b) Á consellería competente en materia de administracións públicas.
- c) Á entidade competente en materia de contidos dixitais.

8. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos:

- a) Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional e no seu ámbito privado.
- b) O estudantado universitario para os trámites e actuacións que realicen motivados pola súa condición académica e no seu ámbito privado.
- c) O estudantado universitario para os trámites e actuacións que realicen motivados pola súa condición académica.

9. De conformidade co establecido no artigo 10.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, poderase establecer a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos co sector público autonómico, para determinados procedementos, a:

- a) Colectivos de persoas físicas.
- b) Colectivos de persoas físicas e persoas xurídicas.
- c) Non se pode establecer esa obriga para ningún colectivo á marxe do disposto nesa lei.

10. De conformidade co establecido no artigo 11.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, adoptaranse as medidas tendentes a garantir que os cidadáns e cidadás faciliten unha mesma información:

- a) Só unha vez.
- b) Todas as veces que o requira o órgano que tramite o procedemento.
- c) Dúas veces coa finalidade de garantir a veracidade da información.

11. De conformidade co establecido no artigo 13.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, os contidos e servizos garantirán:

- a) O uso normal do galego e castelán e adicionalmente poderán incluírse outras linguas para determinados contidos ou servizos.
- b) O uso normal do galego de xeito exclusivo.
- c) O uso normal do galego e castelán sen que poidan incluírse contidos noutras linguas.





SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Dixital-GALEGO

12. De conformidade co establecido no artigo 42.1 b) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, as persoas poderán identificarse de maneira electrónica a través de:

- a) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores non incluídos na lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.
- b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.
- c) Sistemas baseados en certificados electrónicos non recoñecidos ou non cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.

13. De conformidade co establecido no artigo 42.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza será accesible dende:

- a) A sede electrónica da Xunta de Galicia.
- b) O portal web corporativo da Consellería de Facenda.
- c) O portal web corporativo da consellería competente en materia de administracións públicas.

14. De conformidade co establecido no artigo 43 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, considéranse válidos a efectos de sinatura:

- a) Os sistemas de sinatura electrónica baseados na utilización de datos biométricos nas condicións e termos que se establezan.
- b) Os sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores que non estean incluídos na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.
- c) Os sistemas de selo electrónico recoñecido ou cualificado, excluindo os de selo electrónico avanzado, baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico incluídos na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.

15. De conformidade co establecido no artigo 45.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, notifica.gal é:

- a) O sistema de rexistro de entrada e saída da Xunta de Galicia.
- b) O sistema de xestión de comunicación da Xunta de Galicia con outras administracións públicas.
- c) O sistema de notificacións electrónicas de Galicia.





SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Dixital-GALEGO

16. De conformidade co establecido no artigo 45.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, sobre o sistema de notificacións electrónicas de Galicia, corresponderalle a cada órgano ou entidade que utilice o sistema a responsabilidade sobre:

- a) Os contidos e servizos específicos e a xestión da notificacións dentro do seu ámbito de competencia.
- b) Os contidos e servizos comúns, xestión tecnolóxica, continuidade, accesibilidade e seguridade do sistema.
- c) Os contidos e servizos específicos dentro do seu ámbito de competencia pero non a xestión das notificacións.

17. De conformidade co establecido no artigo 46.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, as persoas interesadas que non están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coa administración:

- a) Poderán solicitar a creación da súa dirección habilitada única a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia.
- b) Non poderán solicitar a creación dunha dirección habilitada única.
- c) Poderán solicitar a creación da súa dirección habilitada única a través da súa comparecencia persoal nunha dependencia habilitada.

18. De conformidade co establecido no artigo 46.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, as persoas interesadas que non están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coa administración, unha vez creada a súa dirección electrónica única:

- a) Non poderán decidir que as notificacións sucesivas se deixen de practicar por medios electrónicos.
- b) Poderán decidir que as notificacións sucesivas se deixen de practicar por medios electrónicos en calquera momento.
- c) Poderán decidir que as notificacións sucesivas se deixen de practicar por medios electrónicos nun prazo máximo de seis meses dende a creación da dirección electrónica.

19. De conformidade co establecido no artigo 47.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, as persoas interesadas que están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coa administración deberán crear e manter a dirección electrónica habilitada a través de:

- a) Notifica.gal.
- b) Portax.gal.
- c) Rexel.gal.

20. De conformidade co establecido no artigo 47.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, nos procedementos iniciados a solicitude das persoas interesadas que están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración:

- a) No modelo normalizado de solicitude poderá optarse pola notificación por medios electrónicos ou en papel.
- b) No modelo normalizado de solicitude deberá optarse, en todo caso, pola notificación en papel.
- c) No modelo normalizado de solicitude deberá optarse, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos.





SUBGRUPO C1-TEMA 5-Admon Dixital-GALEGO

21. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica:

- a) Ao persoal funcionario de carreira e laboral fixo exclusivamente.
- b) Ao persoal empregado público.
- c) Ao persoal funcionario de carreira, laboral fixo e ao persoal eventual exclusivamente.

22. De conformidade co establecido no artigo 74.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán ao seu persoal empregado público:

- a) Dunha tarxeta de identificación corporativa.
- b) Dunha tarxeta de acreditación persoal.
- c) Dunha tarxeta de acreditación funcional.

23. De conformidade co establecido no artigo 75.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico poderán identificarse mediante o uso:

- a) Da imaxe corporativa.
- b) Da sinatura electrónica de calquera persoa que preste servizos nas mesmas.
- c) Dun selo electrónico.

24. De conformidade co establecido no artigo 75.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a relación de selos electrónicos utilizados no sector público autonómico estará dispoñible:

- a) No portal web da consellería competente en materia de administracións públicas.
- b) Na páxina web do órgano con competencias en contidos dixitais.
- c) Na sede electrónica da Xunta de Galicia.

